

CRITERIOS XERAIS DE PRIORIDADE PARA A ADMISIÓN DO ALUMNADO

A puntuación total que obteñan os solicitantes, aplicando os baremos que amosamos a continuación serán os que determinen a orde de admisión en cada centro:

*** Existencia de irmáns no centro:**

Por un irmán matriculado no centro: 5 puntos

Polo segundo e seguintes irmáns matriculados no centro: 2 puntos por cada un

***Pai, nai ou titor legal traballador do centro** (non acumulables): 5 puntos

*** Proximidade do domicilio familiar ao centro:**

Domicilio familiar na área de influencia do centro: 5 puntos

Domicilio familiar nas áreas limítrofes á área de influencia do centro: 2 puntos

Domicilio familiar noutras áreas: 0 puntos

*** Proximidade do lugar de traballo ao centro:**

Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal na área de influencia do centro: 3 puntos

Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal nas áreas limítrofes: 1 punto

Lugar de traballo do pai, nai ou titor legal noutras áreas: 0 puntos

*** Renda anual da unidade familiar:**

Ingresos iguais ou inferiores ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM): 3 puntos

Ingresos superiores ao IPREM e inferiores ao duplo do devandito indicador: 2 puntos

Ingresos superiores ao duplo do IPREM e inferiores ao triplo do dito indicador: 1 punto

Ingresos iguais ou superiores ao triplo do IPREM: 0 puntos

*** Discapacidade** (igual ou superior ao 33%):

No alumno ou alumna: 3 puntos

No pai, nai ou titor legal: 2 puntos por cada un deles

Nos irmáns do alumno ou alumna: 1 punto por cada un deles

*** Familia numerosa:**

Condición de familia numerosa: 1 punto

Se houbera casos de empate, aplicaranse os seguintes criterios de desempate na seguinte orde:

a) Maior puntuación no apartado de ter irmáns matriculados no centro

b) Maior puntuación no apartado de ter o pai ou nai traballando no mesmo centro.

c) Maior puntuación no apartado de proximidade do domicilio familiar ou laboral.

d) Maior puntuación no apartado de discapacidade.

e) Maior puntuación no apartado de renda da unidade familiar.

f) Ter a condición de familia numerosa.

Se aún así se mantén o empate, O SORTEO PÚBLICO do **1 de marzo, ás 12 h.**, determinará as 2 letras de prioridade do primeiro e segundo apelido, a partir dos que se resolverá o desempate.